## ERROS FRECUENTES I: ORTOGRAFÍA

### Debedes prestar atención a:

<table>
<tr>
<td>Acentuación</td>
<td>

1. Que palabras agudas se acentúan?
2. Que palabras graves se acentúan?
3. As palabras agudas que rematan en ditongo, acentúanse en galego?
4. Que forma é a correcta, biceps ou bíceps? Por que?
5. Que ocorre coa acentuación en pais e país? E en saia e saía?
6. Que ocorre con i/u cando forman parte dun ditongo ou hiato? P.e., sua ou súa, acentua ou acentúa, miudo ou miúdo?
7. Acentúanse as letras maiúsculas? P.e. AFRICA ou ÁFRICA.
8. Acentúanse os nomes propios? P.e. Félix ou Felix?
9. Acentúanse os estranxeirismos? P.e. béisbol ou beisbol? Párkinson ou parkinson?
10. Acentúanse os latinismos? P.e. accésit ou accesit? Quórum ou quorum?
11. Acentúanse os adverbios rematados en –mente?
12. Dado o verbo “cantaron”, ao engadirlle “lle”, cantaron+lle, a forma resultante leva til? Por que?
13. Se un verbo leva til diacrítico (p.e. é, dá), ao engadir un pronome (p.e. é+lle, dá+lle), a forma resultante levaría til?
14. Acentúanse os monosílabos?
15. Acentúanse os interrogativos e exclamativos?
16. Que é o til diacrítico?
17. Explica estas parellas:

<table>
<tr><td>á</td><td>a</td></tr>
<tr><td>ás</td><td>as</td></tr>
<tr><td>bóla</td><td>bola</td></tr>
<tr><td>cómpre</td><td>compre</td></tr>
<tr><td>dá</td><td>da</td></tr>
<tr><td>dás</td><td>das</td></tr>
<tr><td>é</td><td>e</td></tr>
<tr><td>fóra</td><td>fora</td></tr>
<tr><td>máis</td><td>mais</td></tr>
<tr><td>nó</td><td>no</td></tr>
<tr><td>nós</td><td>nos</td></tr>
<tr><td>óso</td><td>oso</td></tr>
<tr><td>pé</td><td>pe</td></tr>
<tr><td>póla</td><td>pola</td></tr>
<tr><td>pór</td><td>por</td></tr>
<tr><td>présa</td><td>presa</td></tr>
<tr><td>só</td><td>so</td></tr>
<tr><td>té</td><td>te</td></tr>
<tr><td>vén</td><td>ven</td></tr>
<tr><td>vés</td><td>ves</td></tr>
<tr><td>vós</td><td>vos</td></tr>
</table>

</td>
</tr>
</table>

| | |
|---|---|
| Maiúsculas | 18. Levan maiúscula os nomes de prazas, barrios e rúas? P.e. praza de Armas, barrio da Magdalena, rúa Real ou Praza de Armas, Barrio da Magdalena, Rúa Real?<br>19. Como se poñen as maiúsculas nos títulos de libros, películas e obras artísticas?<br>20. As abreviaturas de formas de tratamento, em maiúscula ou minúscula? Isto é, d. Pedro ou D. Pedro, sr. Luís ou Sr. Luís?<br>21. Levan maiúscula as siglas? P.e. ESO ou Eso? |
| Puntuación | 22. Hai que poñer punto despois das abreviaturas, p.e., páx. ou pax / Sra. Ou Sra<br>23. Que outros signos de puntuación se usan nas aclaracións? P.e. Superman, o heroe máis famoso do cómic, naceu en 1938.<br>24. Nos vocativos, hai que usar coma? P.e. Lucía ven aquí ou Lucía, ven aquí.<br>25. Para separar lugar e data, úsase coma? P.e. Ferrol, 11 de maio de 2020 ou Ferrol 11 de maio de 2020?<br>26. Hai algún signo de puntuación que substitúa a etc.<br>27. Nas citas textuais, para non reproducir todo o texto, que signo de puntuación se usa? "Que din os rumorosos _____ monótono fungar".<br>28. Antes dunha cita ao pé da letra, que signo de puntuación hai que usar? Pedro dixo_____ "Sae de aí".<br>29. Hai algún signo de puntuación que poisa substituír a "polo tanto", "por conseguinte"…: *Estás canso________ é mellor que marches.* |
| Signos de Interrogación admiración. | 30. Indica a forma correcta e explica cando aparecen en galego os signos de interrogación e admiración. *¿Quen é?ou Quen é?, ¿Que dis!* ou *Que dis?* |
| H / B / V. | 31. Recorda que o uso de h, b, v non é igual en galego que en castelán. Podes dicir a razón? |
| Grupo CT, CC. | 32. Que ocorre en galego cos grupos CT, CC? P.e. estrutura, pero afecto. |
| Terminacións *-cio, -cia, -zo, -za.* | 33. Indica que palabra é a correcta: *diferenza/diferencia, espazo/espacio, grazas/gracias, licenza/licencia, presenza/presencia, servizo/servicio, terzo/tercio.* |

## ERROS FRECUENTES II: MORFOLOXÍA

### Debedes prestar atención a:

| | |
|---|---|
| Substantivo | 1. Como fan o feminino as palabras rematadas en *-án, -ano, -ón*? Achega tamén as excepcións, se as hai.<br>2. Presta especial atención ao xénero dos substantivos invariables (p.e. *leite, liñaxe*...).<br>3. Que relación hai entre os nomes das árbores e os seus froitos?<br>4. Explica o xénero nas palabras *cal, fin, personaxe, fantasma*.<br>5. Como fan o lural as palabras rematadas en –L?<br>6. Cal é o plural de *tabú*, *álbum*? Por que? |
| Artigo: Pronunciación | 7. Como se pronuncia *ao, aos*? E *todos os*? E *colles o libro*? |
| Como/coma Ca/(do)que | 8. Cando se usa como/coma. Cando se usa ca/(do) que?<br>9. Cando se usa só *como*?<br>10. A partícula comparativa ca, cando vai seguida do artigo, pode contraer? É recomendable facer a contracción? Por que?<br>11. Cando aparece a comparativa *ca* + preposición *a* + artigo, p.e. " Prefiro ir ao campo ca + a + o monte... Como debe escribirse? |
| Pronome persoal. | 12. Como sabes cando se usa de *te/che*?<br>13. Completa: O pronome átono vai normalmente _____________ ao verbo. En contra da norma xeral, o pronome vai _________________ ao verbo nos seguintes casos (recordade: NIANIEO).<br>14. Interferencias lingüísticas (castelanismos no galego). Hai unha serie de construcións que son incorrectas en galego por interferencia do castelán:<br>• É correcta a forma *elo en galego? Por que?<br>• É correcto **corre máis ca eu*. Por que?<br>• É correcto **laveime a cara, *queimouse un unha man*? Por que?<br>• Hai diferenza entre *afogar* e *afogarse*, *marchar* e *marcharse*.<br>• É correcto *casouse? Por que? |
| Posesivos. | 15. É necesario o uso de artigo ante posesivo? |
| Numerais. | 16. Como se escribe 1, 2, 16, 17, 18, 19, 21, 31, 41, 101, 200, 500, 7º, 8º?<br>17. Nove é o ……… de tres.<br>18. Comeu a terceira parte, isto é, un……… _____ |
| Indefinidos. | 19. Repara na escrita de *cadaquén, quenquera*. |
| Relativos Interrogat. | 20. É posible dicir *quenes* en galego? Por que? |
| Verbos | 21. Existen en galego os tempos compostos?<br>22. Verbos rematados en *–aer, -oer –aír, -oír, -uír*. Conxuga o presente de indicativo, o presente de subxuntivo e o imperfecto de indicativo dun verbo que remate en en *–aer, -oer –aír, -oír.*<br>23. Verbos rematados en *-uír, -ecer, -ucir*. Son regulares ou irregulares em galego? Conxuga o presente de indicativo e o de subxuntivo de agradecer, conducir. Compara coas formas en castelán.<br>24. Que forma é correcta en galego *Vou a comer* ou *Vou comer*? E, en castelán, esa perífrase verbal levaría a preposición *a*? |
| Adverbios. Locucións adverbiais. | 25. En galego son incorrectas as formas *entonces,* alomenos*.<br>26. Cal é a forma correcta en galego? *Amodo* ou *a modo*, *deseguida* ou *de seguida*, *talvez* ou *tal vez*? |

**Preposición Locucións preposic.**

27. Son totalmente sinónimos *ata/deica, ante/perante*, *sobre/encol de*? Explica cada caso.
28. A preposición a + CD. Cando se usa?

**Conxunción Locucións conxuntivas**

29. Son correctas as formas *anque, *entonces,* nembargantes, *sen embargo? Se non o son, por que outras formas poden substituírse?

**Contraccións**

Artigo

30. Completa o cadro das contraccións de preposición+ artigo:

| | o | a | os | as |
|---|---|---|---|---|
| por | | | | |
| con | | | | |
| de | | | | |
| en | | | | |
| a | | | | |

31. Con nomes propios, cal é a forma correcta? *Universidade de A Coruña* ou *Universidade da Coruña*? Por que?

Un/unha uns/unhas

32. Completa o cadro das contraccións de preposición+indefinido/numeral:

| | un | unha | uns | unhas |
|---|---|---|---|---|
| con | | | | |
| de | | | | |
| en | | | | |

- Existe algunha restricción nas contraccións anteriores? Explícao.

Algún

| | algún | algunha | algúns | algunhas |
|---|---|---|---|---|
| con | | | | |
| de | | | | |
| en | | | | |

Outro

| | outro | outra | outros | outras |
|---|---|---|---|---|
| de | | | | |
| en | | | | |

PP

33. Completa o cadro das contraccións de preposición + pronome persoal.

| | el | ela | eles | elas |
|---|---|---|---|---|
| de | | | | |
| en | | | | |

Demostrat.

34. Que preposicións contraen cos demostrativos? Contraen con todos os demostrativos?

35. Como contrae o demostrativo co indefinido outro?

PP

36. Contraccións de pronome + pronome. Completa o cadro:

| | o | a | os | as |
|---|---|---|---|---|
| Me | | | | |
| Che | | | | |
| Lle | | | | |
| Nos | | | | |
| Vos | | | | |
| Lles | | | | |